

Espazos culturais e literatura na Galicia contemporánea*

Anxo Tarrío Varela

[Recibido, marzo 2007; aceptado, setembro 2007]

RESUMO Despois de facer ver a íntima relación que sempre tiveron os escritores galegos coas súas comarcas, cidades ou vilas de nacemento, o autor fai unha aproximación á literatura galega contemporánea con criterios xeográficos, poñendo a atención en tres períodos clave na formación da nación galega contemporánea e da propia literatura, seguindo os pasos dos discursos *provincialista*, *rexionalista* e *nacionalista*, respectivamente elaborados neses tres períodos: 1840 a 1861 (*Prerrexurdimento*), de 1862 a 1906 (*Rexurdimento*) e 1916 a 1936 (*Época Nós*). Así mesmo, fai un seguimento da diversa e cambiante importancia que foron tendo no tempo as principais cidades de Galicia en canto centros de produción cultural.

PALABRAS CLAVE: Galicia, literatura galega, Prerrexurdimento, Rexurdimento, Época Nós, xeografía e literatura, Provincialismo, Rexionalismo, Nacionalismo.

169

ABSTRACT: After noting the close relationship that Galician writers maintained with the townlands, cities or villages in which they were born, the author approaches modern Galician literature using geographical criteria, concentrating on three key phases in the making of the modern Galician nation and of its literature: provincialist, regionalist and nationalist. These correspond to three periods: the Pre-revival, from 1840 to 1861, the Revival, from 1862 to 1906, and that of the *Nós* group, from 1916 to 1936. He also charts the varied and fluctuating importance that the principal urban centres had over time as centres of cultural production.

KEYWORDS: Galicia, Galician literature, Galician Culture Pre-Revival and Revival, *Época Nós*, Geography and literature, Provincialism, Regionalism, Nationalism.

Sempre me conmoveron dous momentos literarios en que dous autores galegos de ben diferente fasquía (ou quizais non tan diferentes), como son Álvaro Cunqueiro e Ramón Otero Pedrayo, recoñeceron, xa fose por

* Unha versión orixinal do presente traballo, en lingua inglesa, inclúese no libro actualmente en prensa, *Comparative History of Literatures of Iberian Peninsula*, coordinado polos profesores Brad Epps (Universidade de Harvard) e Sharon Feldman (Universidade de Richmond, Virginia).

experiencias propias xa a través dun personaxe de ficción teren experimentado unha verdadeira epifanía ao contemplar por primeira vez (ou derradeira, como veremos) o venerábel e venerado Mapa de Fontán, é dicir, a Carta Xeométrica de Galicia, primeiro mapa topográfico deste País elaborado con criterios científicos e presentado por D. Domingo Fontán (Portas, Pontevedra, 1788-Santiago de Compostela, 1866) á Raíña Gobernadora, María Cristina de Borbón, no ano 1834, quen o mandou imprimir (e imprimiuse) en París en 1845.

Otero Pedrayo recoñécese na vivencia de Don Bernaldo, o cura velliño da novela *Arredor de si* (1930), tío do personaxe principal, Adrián Solovio, quen na derradeira hora do ancián obedece a orde de lle levar á súa presenza o mapa de Fontán. A secuencia ten moito que ver coa “conversión” final do protagonista, e polo tanto recolle un momento crucial na súa evolución:

“Meu fillo, vai ao despacho e descolga aquel mapa grande... Quero velo denantes de morrer...”

O sobriño, coa axuda do señor Pascual, trouxo a alcoba o mapa de Fontan. Pendurárono da parede. *Os ollos do enfermo reviviron. A man figuraba sinalar horizontes. Unha pura alegría animaba a faciana murchiña e branca.*

170

A partir dese momento, Adrián vai sinalando cun dedo o que Don Bernaldo lle vai pedindo: Corme, Laxe, Camariñas, Niñóns. Pero non sempre atina a marcar axeitadamente o que o velliño quere, e entón o enfermo falaba:

“Non, á dereita, á esquerda, un pouco ao norte”. A vela alumeou longamente un nome e o sitio de Compostela. Adrián lía nomes de montes, de ríos, de pobiños, de ermidas. A luz seguindo os trazados dos camiños.

(...)

Adrián sentíase conmovido hastra o máis fondo do seu ser. Tremándolle a man foi alumeando o camiño de Santiago, a terra de Ourense, as dúas aldeñas xemelas do val onde eles estaban, parou un instante como un cirio funeral no nome do pobiño no que morría D. Bernaldo e logo foi recorrendo todo o dibuxo das fronteiras e costas da Galicia.

(...)

Don Bernaldo morría docemente, e unha negra sombra corría sobre o mapa de Galicia. (Otero, 1930. Cito pola 3ª ed. 1980. A cursiva é miña)

O efecto que debeu causar en Adrián (trasunto evidente de Otero Pedrayo) debeu ser o mesmo que Álvaro Cunqueiro declarou ter experimentado cando,

con motivo de se ter que trasladar a Lugo dende o seu Mondoñedo natal, en 1921, para iniciar o bacharelato, viu pendurado das paredes do Instituto o mapa de Fontán, o primeiro mapa de Galicia que el vira na súa aínda curta vida:

Fue mi gran encuentro con mi país gallego: allí estaba mi tierra, la tierra de mi vocación y de mis días, la tierra temporal y la eterna, la tierra que mi lengua –la tierra de mi oscuro acento labriego– necesitaba para soñar. Allí me detuve a contemplar las comarcas conocidas, el camino de Mondoñedo a Riotorto, de Mondoñedo a Foz, de Riotorto a Baltar y Meira, el curso del Masma, el del Miño, el áspero Litoral de esquisto y soledad, el Valadouro; el Cadramón, el más alto monte entre mis vecinos, y allí estaba en sus mil metros sobrados, un Everest inaccesible, cuando desde Lindín se lo veía asomar negro, desnudo, asistiendo impasible el paso de las grandes y preñadas nubes del sudoeste, que aquí dicen vendaval, el “ventus validus”, el poderoso. (...)

Ha caído ahora en mis manos un roto y desgarrado mapa de Fontán. Intento pegarlo y recomponerlo; es un viejo amigo. Volveré a seguir en él, como un peregrino, los caminos de la tierra nuestra (...) Volveré a ver viñas en el Ribeiro y en Betanzos, abedules en las chairas lucenses (...) castañares sonoros en Becerreá, olas en Vigo y en Foz, el mar tenebroso y poderoso en Ortegá, pinos en Bergantiños. Y dejaré reposar la memoria en los amados nombres (Cunqueiro, 1951 e 1957; Mato, 1999).

171

É obvio que hai moitas maneiras de relacionar a literatura coa xeografía, cos espazos onde esa literatura tivo e ten asentamento. Así, non son raros os estudos ou artigos de opinión que poñen de manifesto a relación entre unha xeografía natural ou unha urbe coas obras literarias nas que serviron de espazos poéticos ou novelescos. Teríamos, xa que logo, por unha parte, xeografías naturais potenciadas pola literatura, como por exemplo, en Galicia, a Terra Chá, cantada por poetas canonizados, como Manuel María (Outeiro de Rei, 1929-2005) (Caño, 1990), Darío Xohan Cabana (Roás-Costeiro, 1952-) ou Xesús Rábade Paredes (Cospeito, 1949-), até tal punto que o primeiro deles puido facer o seu ingreso na Real Academia Galega cun discurso que versou sobre os “Poetas da Terra Chá”. Ou a Serra do Courel, que inspirou a mellor poesía de Uxío Novoneyra (Parada de Moreda, 1930-1999) e as mellores narracións de Ánxel Fole (Lugo, 1903-1986) (Rodríguez Fer, 1981 e 1997; Requeixo, 1996). Ou a Comarca de Bergantiños, hábitat preferido por Eduardo Pondal (Ponteceso, 1835-1917) (Ferreiro, 1991; Pondal, 1995-2002; Forcadela, 1988) para situar nas súas ásperas e ermas gándaras o bardo

profético que dá voz aos seus *Queixumes dos pinos* (1886); ou a comarca de Mondoñedo, berce ou cidade episcopal de acollida para poetas como Álvaro Cunqueiro (Mondoñedo, 1911-1981) (Armesto Faginas, 1987), Aquilino Iglesia Alvariño (Seivane-Abadín, 1909-Santiago de Compostela, 1961) (Rodríguez, s.d [1994]), Antonio Noriega Varela (Mondoñedo, 1869-Viveiro, 1947) (Freixeiro Mato, 1994), Manuel Leiras Pulpeiro (Mondoñedo, 1854-1912) (Leiras Pulpeiro, 1983), Xosé Crecente Vega (Castro de Rei, 1896-1948) (Crecente Vega, 2002), etc.; ou a ría de Vigo, onde situaron algunhas das súas cantigas certos trobadores medievais, como Martín Codax, Johan de Cangas e Mendiño (Brea, 1998).

172

E por outra parte, cidades que inspiraron a propios e alleos pola súa beleza e interese monumental e histórico, como pode ser o caso paradigmático de Santiago de Compostela, que serviu de obxecto literario a escritores e escritoras tan dispares como Gerardo Diego (Santander, 1896-Madrid, 1987), Gonzalo Torrente Ballester (Ferrol 1910-Salamanca 1999) ou Salvador García Bodaño (Teis-Vigo, 1935), entre os que cabería poñer aquí unha longuíssima relación de nomes, como o demostra a antoloxía de textos referidos a esta cidade editada polo Concello compostelán (XAP, 2004) e que abranguen dende Aymeric Picaud, posíbel organizador do *Codex Calixtinus* (s. XII), até a actualidade. Sen esquecer que máis recentemente algúns escritores situaron a acción das súas novelas ou relatos nos espazos composteláns. Así Xosé Fernández Ferreiro (Nogueira de Ramuín, Ourense, 1931), en *A cidade das chuvias* (1994), Ánxel Adolfo Rey Ballesteros (Codesedo-Boqueixón, 1952-), na súa novela *Dos anxos e dos mortos* (1977); Carlos G. Reigosa (Lagoa de Pastoriza, 1948-), en *Crime en Compostela* (1984); Román Raña Lama (Vigo, 1960-), en *O crime da Rúa da Moeda Vella* (1989); Salvador García Bodaño (Teis, Vigo, 1935-), nos relatos do seu libro titulado *Os misterios de Monsieur D'Allier* (1992), Suso de Toro (Santiago de Compostela, 1956-) en varias novelas, Alfredo Conde (Allariz, 1945-) en *Xa vai o grifón no vento*, e un non pequeno etcétera.

Así mesmo Ourense, que inspirou páxinas maxistras dende o século XIX aos escritores nados naquela cidade ou na provincia, dende Valentín Lamas Carvajal (1849-1906), fundador en 1876 daquela vila do primeiro xornal monolingüe galego (*O Tío Marcos da Portela*) até os nosos días, cando escritores aínda novos seguen a localizar por veces as súas ficcións naquela cidade ou nos seus arrabaldes, como ocorre con Bieito Iglesias (Quintián, Ourense, 1957-) ou F.X. Fernández Naval (Ourense, 1956-) pasando por verdadeiros

mestres e patriarcas da cultura galega, como Vicente Risco (Ourense, 1884-1963), Ramón Otero Pedrayo (Ourense, 1886-1976) (Casares, 1981b; Tarrío Varela, 1990), Eduardo Blanco Amor (1897-1979), Carlos Casares (Ourense, 1941-2001), e moitos máis. O mesmo pasa con cidades como A Coruña, que, en menor grao que as anteriores, foi escenario de narracións poéticas e novelescas da man de autores como Emilia Pardo Bazán (A Coruña, 1851-1921), ou a recente novela de Manuel Rivas (A Coruña, 1957-), *Os libros arden mal* (2006). Ou Vigo, espazo moi propicio para a novela negra, como ben aproveitou Manuel Forcadela (Forcadela, Tomiño 1958-), entre outros.

Quizais se trate de peculiaridades propias de culturas emerxentes, pero o certo é que en Galicia se alimenta moito o localismo ao asociar personaxes históricos e/ou escritores, así como eventos históricos varios, coa vila ou cidade de nacemento ou de acontecemento dos mesmos, dando lugar a unha proliferación de pequenos centros de produción cultural que habería que ter en conta á hora de describir espacialmente o sistema cultural nun traballo máis minucioso e profundo có presente. Así, Rianxo, relacionado co trovador medieval Paio Gomez Chariño e cos rianxeiros artistas e escritores nados naquela vila mariñeira, como Alfonso Daniel Rodríguez Castelao (Rianxo, 1886-Bos Aires, 1950) (Paz Andrade, 1982; Beramendi-Villares, 1989), Manuel Antonio (Rianxo, 1900-Asados, 1930) (Axeitos, 1992) ou Rafael Dieste (Rianxo, 1899-Santiago de Compostela, 1981) (Casas, 1994 e 1997); Padrón, que o mito xacobeo relacionou co Apóstolo Santiago e co coitado poeta Macías o Namorado (c. 1360-1390), pero tamén coa gran poeta Rosalía de Castro (Santiago de Compostela, 1837-Iria Flavia, 1885) (López-Pociña, 1991-1993) e con Camilo José Cela (Iria Flavia, 1916-2002) (Platas Tasende, 2004), único premio Nobel de nación galega; Celanova, berce de dous grandes poetas que, así mesmo, serven de referencia cultural e motivo de encontros e efemérides debido a dúas voces que alí naceron, Manuel Curros Enríquez (Celanova, 1851-A Habana, 1908) (Ferreiro, 1973; Rodríguez Sánchez, 1973; Curros, 1979) e Celso Emilio Ferreiro (Celanova, 1912-Madrid, 1979) (Seixas Seoane, 1989); Vilanova de Arousa, con Valle-Inclán (Vilanova de Arousa, 1866-Santiago de Compostela, 1936)** . E así poderíamos seguir enumerando vilas e cidades que cada vez máis, nun sentido contrario ao da globalización e a favor

** Xa redactado este traballo, apareceu un lúcido e interesante artigo de Avelino Abuín de Tembrea no xornal *Galicia Hoxe* (7-01-08, p. 3) apuntando cara a cuestións moi próximas ás que se din aquí (Abuín de Tembrea, 2008).

da *glocalización* (Equipo Glifo, 1998-2003: 499-501), están a organizar e producir actos culturais e publicacións arredor dos seus patróns literarios ou de determinados fitos históricos, como pode ser a xesta de María Pita contra a armada inglesa na Coruña, en 1589 (tema da novela de Alfredo Conde *María das batallas*, 2007), ou a derrota dos franceses en Vigo e na Ponte Sampaio contra as forzas napoleónicas en 1809.

De feito, a conexión co espazo segue a ser unha marca de identidade mesmo nas novas xeracións, como o demostra, por exemplo, o actual colectivo poético Costa da Morte, que aglutina unha serie de poetas novos, homes e mulleres, que teñen en común ter nacido nalgunha vila daquela ribeira galega.

Pero tamén é obvio que as crecentes relacións entre literatura e espazo, ou entre literatura e xeografía responden en gran medida á necesidade dun cambio no enfoque metodolóxico á hora de trazar a historia literaria e tamén a narración correspondente (Cabo, 2003). A isto vou tratar de axustarme tomando como unidade de asentamento de produción cultural e literaria a cidade, e como obxectivo algunhas das principais da Galicia contemporánea, entendendo por contemporaneidade o treito que media entre 1800 e hoxe, aínda que acoutando para este traballo, principalmente, os períodos que van dende 1840 a 1861 (*Prerrexurdimento*), de 1862 a 1906 (*Rexurdimento*) e de 1916 a 1936 (*Época Nós*).

174

Ao falarmos de “centros de produción cultural” non estamos a utilizar a expresión no senso que ten hoxe en día, momento no que se entende como un lugar físico concreto ou continente arquitectónico deseñado *ad hoc* para levar a cabo actividades de vario tipo. Con esta expresión referirémonos a espazos máis amplos e menos definidos: cidades e vilas, nas que se rexistran ao longo dos séculos XIX e XX actividades que dun xeito laxo poden adscribirse ao que se entende por *produción cultural*: academias, liceos, tertulias, imprentas, ateneos, etc. Dende agora, cumprirá ter en conta algunhas constantes no referente ás relacións entre produción literaria e espazo urbano, pois, a este respecto podemos dicir que, por unha banda, existe na cultura galega moderna unha imbricación evidente entre o desenvolvemento urbano e o literario, e por outra, esta constatación vén minorizada dalgún xeito pola inexistencia en Galicia dunha grande urbe como Berlín, París, Nova York ou Barcelona, onde si puido e pode levarse a cabo unha produción cultural moito máis rendíbel economicamente, estábel, dinámica e vangardista. As consecuencias desta limitación aprécianse no feito de que, por exemplo, durante a *Época Nós*

apenas puideron sobrevivir con moito esforzo as iniciativas editoriais que se levaron a cabo a base de voluntarismo e que os produtos culturais, en xeral, e literarios, en particular, carecesen case sempre da audacia suficiente como para asumir as propostas vangardistas europeas en toda a súa radicalidade. A este respecto é moi curioso observar como, durante este período, en Galicia nunca se deu a abstracción nas artes plásticas e nunca se afrontaron certos temas, como o erótico-sexual, nin nesas artes nin na literatura, como si se fixo coa novela sicalíptica do sistema literario español, a través de autores como Felipe Trigo ou coleccións de novela curta erótica (Litvak, 1993: 11-79), como *La novela pasional*, entre moitas outras, que xa dende o paratexto das ilustracións das cubertas mostran unha actitude subversiva respecto do canon moral católico-burgués. Seguramente, estas limitacións viñeron dadas tamén polas necesidades discursivas do galeguismo nacionalista daquel momento, cuxos artífices, que procuraron por todos os medios elaborar unha etnoestética dende a que salientar os trazos diferenciais da arte, da cultura e do ser antropolóxico galegos, non se podían permitir certas “provocacións” nin “excesos”, se querían chegar a convencer unha sociedade aínda moi atrasada, e informada unicamente pola acción moralizadora da igrexa católica. Por iso na plástica se mantivo sempre a figuración e nos temas, tanto literarios como pictóricos ou escultóricos, así mesmo, tampouco non puideron enfrontarse coa moral católica e tiveron que ficar nuns lindeiros aceptábeis de renovación artística formal respecto da arte decimonónica, no referente ao abandono da mímese fotografaista, pero pouco máis. De ter existido unha gran cidade as cousas habían conducirse de xeito ben distinto.

175

Por outra parte, cómpre non esquecer que a cultura producida na Galicia contemporánea viviu e vive unha tensión conflictiva entre a elaborada a través do idioma propio de Galicia, é dicir, o galego, e o superposto, o castelán, dende, cando menos, a segunda metade do século XV. Unha tensión que durante o século XIX e até 1916 non se manifestou en termos de conflitos abertos, en tanto en canto o sistema cultural se escoraba claramente a favor do castelán, pero que paulatinamente foi medrando até chegar á actualidade, momento en que xa comeza a constituír unha rareza o emprego exclusivo deste idioma para as realizacións culturais, tanto sexa a cargo de institucións públicas coma privadas. Por todo isto, aínda que neste traballo nos fixaremos sobre todo na produción literaria en galego, haberá que ter sempre en conta a realidade do sistema literario hexemónico do castelán en España, e tamén en Galicia nos períodos que nos propuxemos observar.

Támén cómpre ter en conta que as cidades galegas, ao igual que as europeas, sufriron profundos cambios durante os séculos XIX e XX, de tal xeito que, por exemplo, a finais do século XVIII máis do 90% da poboación galega era rural. Os núcleos urbanos máis importantes naquel intre eran Santiago de Compostela, centro relixioso, político e universitario, e Ferrol coa instalación da base marítima da Armada. O grao de urbanización cara á metade do século XIX era tan só dun 4,2%, unha porcentaxe moi inferior á do conxunto español e unha das máis baixas de Europa.

176

Galicia alcanzaba en 1860 a cifra estimada dun millón oitocentos mil habitantes e en 1900 aínda non alcanzara os dous millóns (Eiras Roel, 1996), e cómpre ter en conta a importante sangría demográfica que supuxo, dende mediados do século XIX a emigración a América, fundamentalmente a Cuba e Arxentina, países que acolleron até 1900 unha cantidade inxente de emigrantes galegos que se asentaron, sobre todo, na Habana e en Bos Aires, cidades que se habían converter co paso dos anos en importantes centros de produción cultural intimamente vinculados á Galicia interior ou de aquín mar, coa creación dun número considerábel de sociedades denominadas Centros Gallegos, entre os que destacaron precisamente o Centro Gallego da Habana e o Centro Gallego de Bos Aires, promotores ambos os dous de actividades editoriais en forma de libros ou de revistas, xornais e publicacións varias que serviron para expandir a cultura galega por todo o continente americano do sur e do Caribe. A este respecto, un dato a ter en conta é o feito de aparecer na Habana xa en 1885 unha revista monolingüe en galego titulada *A gaita gallega*, por iniciativa de Manuel Lugrís Freire (Sada, A Coruña, 1863-A Coruña, 1940) e Ramón Armada Teixeira (Santa Marta de Ortigueira, A Coruña, 1848-A Habana, 1920). Esta dimensión extraterritorial dalgunhas culturas está recoñecida como fundamental para entendelas en profundidade (Kiberd, 1995), e en canto a Galicia foi moi importante dende sempre pero volveuse decisiva durante a ditadura do xeneral Franco, en tanto en canto foron os exiliados en ultramar os encargados durante algún tempo de continuar o que se lograra en Galicia durante a Época Nós.

No que se refire á imprenta (que sempre é un indicio de produción cultural) na Galicia continental, sabemos que xa quizais con anterioridade a 1491 e dende logo a partir deste ano houbo unha interesante actividade de produción tipográfica no castelo de Monterrei, vila da provincia de Ourense, onde se imprimiron varios incunábeis que nos falan deste taller como “un dos primei-

ros da Península con tipografía musical completa” (Prada Allo, 1992). Pero a única cidade galega que mantivo a imprenta consolidada durante os séculos XVII e XVIII foi Santiago de Compostela, onde, coa liberdade de imprenta, habían coller importante pulo as imprentas relacionadas coa igrexa, como a dos PP. Franciscanos e a do Arcebispado (Cabano Vázquez, 2002: 25). A expansión da imprenta viuse posteriormente propiciada polo abandono das estruturas políticas do Antigo Réxime e polos vaivéns políticos marcados fundamentalmente dende as Cortes de Cádiz (1812) ou o Trienio Liberal (1820-1823), fitos históricos durante os cales se desarticulou, aínda que non fose máis que transitoriamente, a antiga lexislación en materia de prensa e imprenta, proporcionándolle á industria tipográfica un marco de desenvolvemento no que a censura previa deixou de presionar sobre os orixinais manuscritos que se presentaban para a súa impresión. Hai que ter en conta que as Cortes de Cádiz de 1810 proclamaron a abolición da censura previa antes de aprobar a Constitución de 1812 (Decreto de Liberdade de Imprenta). Polo que se refire a Galicia, a supresión da censura favoreceu a proliferación de talleres de artes gráficas por todo o territorio xa no primeiro terzo do século XIX. Posteriormente, coa instauración do Estado Liberal (1833-1868) de Isabel II (Madrid, 1830-París, 1904) e en coincidencia cos novos paradigmas inspirados polo Romanticismo a imprenta galega expandeuse por Vigo, Pontevedra, Betanzos, Tui, Monforte, etc. (Cabano Vázquez, 2002). A prensa e o libro resultaron así instrumentos impresdindíbeis para divulgar os progresos da ciencia e os diversos posicionamentos políticos e ideolóxicos. E respecto da literatura é obvio que coa expansión da imprenta deixou de ser unha actividade minoritaria para ir paulatinamente aumentando até se converter nun fenómeno de masas, nos nosos días. Como dixo Manuel Soto Freire (Lugo, 1826-1897), que foi un dos máis destacados tipógrafos do século XIX e historiador da imprenta galega daquel tempo: “Sin la imprenta, las ciencias, la historia y la amena literatura serían hoy, como lo eran en otro tiempo, exclusivo patrimonio de un reducido número de personas” (Soto Freire, [1868] 1998).

177

O Prerrexurdimento (1840-1861)

Cando nos días primeiros de abril de 1846 se levaba a cabo en toda España un levantamento contra a ditadura do Xeneral Narváez, en Galicia ese levantamento tivo tinturas de galeguismo político, a pesar de non ser galego o comandante Miguel Solís y Cuetos (San Fernando, Cádiz, 1816-Carral, 1846),

que se puxo á fronte do destacamento de Lugo para ser derrotado en poucos días na batalla de Cacheiras, aldea próxima a Santiago de Compostela, polo exército de Isabel II e converterse deste xeito, con só trinta anos de idade, no primeiro mártir da causa galeguista contemporánea, xunto a outros compañeiros fusilados preto de Carral, unha vila próxima á Coruña, onde dende 1904 pode verse un contundente monumento en pedra granítica aos denominados “Mártires de Carral”, primeiro fito simbólico da Historia contemporánea de Galicia.

Polas mesmas datas en que Solís tentaba o seu levantamento, Antolín Faraldo (Betanzos, 1823-Granada, 1853) e os seus compañeiros universitarios, que o apoiaban, proclamaban dende Santiago de Compostela, en nome da Junta Provisional del Gobierno de Galicia, constituída naqueles días, que este país, reducido secularmente polo centralismo madrileño a unha “colonia de la Corte”, ía erguerse da súa postración e abatemento. Iniciábase así un proceso de construción *provincial* (reivindicando como unha unidade a antiga *provincia* romana denominada Gallaecia) e de elaboración dun discurso identitario galeguista que había pasar por diferentes estadios até chegar á actualidade, cando xa existe un goberno autonómico galego en pé de igualdade co resto das comunidades que conforman o Estado español e coa peculiaridade de posuír Galicia, o mesmo que o País Vasco e os países cataláns, unha lingua propia e unha tradición cultural diferenciada que lle valeu a denominación de “nacionalidad histórica” no texto da Constitución española de 1978.

Dende aquela, o protagonismo cultural e político das principais cidades do territorio galego (Lugo, A Coruña, Vigo, Pontevedra, O Ferrol, Santiago de Compostela e Ourense) foi variando, emerxendo e sulagándose, segundo o período que observemos. Un estudo espacial e xeográfico do acontecido no territorio galego en canto á produción literaria e cultural debe partir desta evidencia.

Foi en Santiago de Compostela onde saíu o primeiro periódico de Galicia no ano 1800 (*El Catón compostelano*) e onde se iniciou a partir de 1840, coa intervención decisiva dun grupo de estudantes universitarios e Antolín Faraldo á cabeza, unha ricaz etapa de construción discursiva e de creación de medios xornalísticos dende os que divulgar as ideas do movemento denominado *provincialista*. Pero moi axiña vemos aparecer pouco e pouco tamén na Coruña publicacións periódicas que xa dende as súas cabeceiras proclamaban preocu-

pacións polos asuntos do país: 1841, *El idólatra de Galicia* (Santiago), *El Iris de Galicia* (A Coruña), *Revista de Galicia* (Santiago); 1842, *El emancipador gallego* (Santiago), *La situación de Galicia* (Santiago); 1843, *El centimela de Galicia* (A Coruña); 1845, *El Porvenir. Revista de la juventud gallega* (Santiago), *El Porvenir* (A Coruña), *La Aurora de Galicia* (Santiago), *El Fomento de Galicia* (A Coruña), etc., á parte doutras moitas cabeceiras que aínda sen facer alusión concreta a Galicia serviron para vehicular o pensamento político, en xeral, e provincialista, en particular, tal así *El Recreo Compostelano*, no que Antolín Faraldo foi redactor principal.

O Rexurdimento (1861-1906)

Ese protagonismo de Santiago, que había poñerse de manifesto aínda no nomeado “Banquete democrático de Conxo” celebrado en 1856, foi esvaéndose, pois, a favor da cidade da Coruña, que decididamente tomou as rédeas do galeguismo provincialista e rexionalista a partir da convocatoria en 1861 dos primeiros “Juegos florales” da modernidade, seguindo así o exemplo (aínda que non no uso exclusivo da lingua autóctona) dos “Jocs florals”, ou “Jocs de la Gaia ciència”, de Cataluña, celebrados dous anos antes e convocados enteiramente en catalán. Uns “Juegos florales”, que ademais propiciaron o que se considera hoxe como a primeira antoloxía da poesía galega contemporánea, que tal é o *Álbum de la Caridad* (1862), onde se recollen os ensaios sobre a necesidade de elaborar unha Historia de Galicia e sobre a mítica xesta heroica do Monte Medulio, así como os poemas premiados nos xogos florais seguido todo dun extenso “Mosaico poético de nuestros vates gallegos contemporáneos”. Unha antoloxía que animaría a Rosalía de Castro, a figura máis emblemática da cultura galega contemporánea, a escribir o primeiro libro de poemas monolingüe na lingua do país, que tal é o titulado *Cantares gallegos* (1863), impreso nos talleres tipográficos de Juan Compañel, situados, curiosamente, en Vigo, que hoxe é a cidade máis grande de Galicia pero que era unha pequena vila naquel momento, de moitos menos habitantes que Santiago ou Ferrol e sen vida cultural salientábel.

Pero a importancia da cidade da Coruña como centro de produción cultural e literaria vén dada pola circunstancia de ser ela a elixida como residencia por un grupo bastante nutrido de intelectuais liberais de clase media pertencentes os máis deles aos corpos de funcionarios do Estado, intimamente

vinculados ao movemento *provincialista*, primeiro, e *rexionalista*, despois, que fomentaron actividades de grande interese para procurar a consolidación de algo tan incipiente e feble como era no último terzo do século XIX o sistema cultural galego. Nomes como os de Manuel Martínez Murguía (Teixeiro, A Coruña 1833-A Coruña, 1923), Eduardo Pondal (Ponteceso, 1835-A Coruña, 1917), Benito Vicetto (Ferrol, 1824-1878), Uxío Carré Aldao (A Coruña, 1859-1932), Andrés Martínez Salazar (Astorga, León, 1843-A Coruña, 1926), Xosé Pérez Ballesteros (Santiago de Compostela, 1833-A Coruña, 1918), Salvador Golpe (San Pedro de Oza, Betanzos, A Coruña, 1850-1909), Evaristo Martelo Paumán (A Coruña, 1853-1928), Florencio Vaamonde Lores (Bergondo, A Coruña, 1860-1925), Manuel Lugrís Freire (Sada, A Coruña, 1863-A Coruña, 1940), Eladio Rodríguez González (San Clodio, Leiro, Ourense, 1864-A Coruña, 1949), Galo Salinas (A Coruña, 1852-1926), Francisco Tettamancy y Gascón (A Coruña, 1854-1921) e algúns poucos máis, son imprescindíbeis para adentrarse no espazo cultural coruñés con algunha orientación. Polo de pronto, apréciase que A Coruña foi destino definitivo de moitos axentes culturais nados fóra dela.

180

Todos eles imprimíronlle á cidade un forte carimbo liberal e foron asiduos conversadores dun parladoiro ou tertulia que tiña lugar na trastenda dun establecemento de venda de libros chamado “Librería gallega”, con domicilio na rúa Riego de Agua. Alí concorrián non só os coruñeses mencionados senón tamén ilustres personalidades que visitaban ocasionalmente a cidade. Ese parladoiro, onde se tiña unha fe absoluta nas orixes celtas do pobo galego, crenza que atravesa o discurso rexionalista daquela altura, foi chamado polos adversarios ideolóxicos dos asistentes a el mediante a expresión burlesca “Cova Céltica”, denominación que os propios afectados acolleron con alborozo asumíndoa como propia. Alí maduraron moitas empresas culturais e de alí había nacer en 1905 a Academia Gallega, que en 1906 recibiu o apoio real para pasar a denominarse Real Academia Gallega, institución (primordial no camiño de lexitimación, consolidación e institucionalización da feble literatura galega) que xa en 1886 Aureliano J. Pereira, nunha conferencia pronunciada no Círculo das Artes de Lugo, reclamaba “para elevar a nosa literatura e dar ao movemento intelectual de Galicia toda a brillantez que debe acadar” (Pereira, 2006: 25). Tamén no ano 1895, atopamos un antecedente próximo na constitución da Comisión Xestora para a creación da Academia Galega sobre a base dunha sociedade, *Folklore Gallego*, presidida por Emilia Pardo Bazán. Pero esta primeira tentativa ficaría en tal, “aínda que os seus máis significados

promotores, Emilia Pardo Bazán e Ramón Pérez Costales, serán nomeados presidenta e académico de honra da institución” (<http://www.realacademiagallega.org/academy/GoToHistory>). Última consulta setembro de 2007).

Ademais, non se pode esquecer que a Academia definitiva debe a súa existencia á Galicia extraterritorial, concretamente á emigración galega na Habana, onde dous entusiastas da causa, o tipógrafo Xosé Fontenla Leal (Ferrol, 1865-A Habana, 1919) e o poeta Manuel Curros Enríquez fundaron a Asociación Iniciadora y Protectora de la Academia Gallega, que finalmente puido responsabilizarse dos gastos correspondentes á fundación e mantemento da institución.

Pero non só foi a Cova Céltica o xermolo da actual Real Academia Galega. O anfitrión, Uxío Carré Aldao, divulgou a través da súa librería, que ademais era imprenta, moitos libros galegos de difícil localización nas librerías convencionais, pouco colaboradoras na angueira de difundir os valores e a cultura propios de Galicia. Así mesmo, deu lugar á fundación por parte dun dos seus asiduos, Galo Salinas, da *Revista gallega*, que serviu de órgano de difusión do pensamento dos participantes no faladoiro. De alí saíu a idea de crear en 1903 unha “Escola Rexional de Decramación”, primeira experiencia, aínda que efémera, dunha institución destas características en Galicia, pois tiña como obxectivo fomentar o teatro na lingua do país e, de feito, puxo en escena varias pezas teatrais dalgúns dos asistentes ao faladoiro, como *¡Filla...!*, do propio Salinas, *A Ponte*, *Minia e Mareiras*, de Manuel LUGRÍS Freire, ou *Rentar de Castromil*, de Evaristo Martelo Paumán.

181

Tamén, en fin, da Cova Céltica saíu a fundación da “Liga gallega”, organización que tiña por obxecto a defensa dos intereses morais, materiais, políticos, económicos e sociais de Galicia.

Un cómputo da (precaria) actividade editorial en Galicia da segunda metade do século XIX ofrécenos o dato elocuente de que foi na Coruña onde se produciu case a terceira parte dos libros impresos na lingua do país pois, dun total aproximado de cento trinta, corenta e dous, é dicir, o 32% elaboráronse naquela cidade (Vilariño Pintos e Pardo Gómez, 1979).

Falo de precariedade editorial para me referir á inexistencia de empresas con algunha colección dedicada exclusivamente ao libro con texto galego ou,

cando menos, ao libro referido exclusivamente a Galicia en calquera dos dous idiomas que se falaban (e falan na actualidade) no país: o galego e mais o castelán. De feito, tan só houbo no século XIX, en toda Galicia, unha editorial localizada na Coruña destas características, é dicir, fundada exclusivamente coa finalidade de difundir a cultura galega no seu máis amplo sentido: político, económico, literario, etc. Foi a denominada “Biblioteca Gallega” (1885-1901), fundada polo arquivista e erudito Andrés Martínez Salazar xunto con Juan Fernández Latorre (A Coruña, 1849-Madrid, 1912), fundador, este, co-proprietario e director (isto até 1887) do xornal *La Voz de Galicia* (A Coruña, 1882-actualidade), en cuxos talleres se imprimiron os libros. Esta “Biblioteca Gallega” iniciou a súa andaina cun texto en lingua castelá, *Los precursores*, da autoría de Manuel Martínez Murguía, que fora até o mesmo ano da inauguración da editorial marido de Rosalía de Castro, morta ese ano. Un libro de gran transcendencia, en tanto en canto supón a canonización de varios autores, entre os que figura a súa propia dona.

Porén, a vida cultural en Galicia no século XIX cómpre medila sobre todo pola grande actividade xornalística que se desenvolveu todo ao longo do século, maiormente en castelán; e das, aproximadamente, setecentas sesenta publicacións periódicas que viron a luz entre 1850 e 1900 na Galicia interior e na de ultramar, cento vinte e unha naceron na Coruña, o cal nos dá unha porcentaxe dun 16% do total, moi elevada se temos en conta a gran dispersión da prensa entre as diferentes cidades e vilas do territorio galego e da emigración. Certamente, se exceptuamos unhas poucas monolingües en galego, como a xa citada *O Tío Marcos da Portela* (Ourense, 1876), *O Seor Pedro* (Santiago de Compostela, 1881), a xa citada *A gaita gallega* da Habana (1885), *A Monteiro* (Lugo, 1889) ou *A tía Catuxa* (Pontevedra, 1889), foron publicacións periódicas escritas maiormente en castelán, pero moitas delas acolleron colaboracións en galego con bo xorne, o cal nos dá pé para advertir que o criterio lingüístico que se aplica na actualidade para definir e delimitar a literatura galega, no sentido en que tan só pertencen a ela as obras escritas exclusivamente na lingua do país, cómpre flexibilizalo ao falarmos do estado desta literatura no século XIX e boa parte do XX, pois, doutro xeito terían que quedar fóra axentes culturais tan imprescindíbeis como Manuel Murguía ou Alfredo Brañas (Carballo, 1859-Santiago de Compostela, 1900), autores de cadanseu tratado sobre o rexionalismo e axentes animadores de radical importancia, malia teren escrito a súa extensa obra case exclusivamente en castelán.

Non nos pararemos máis no papel cultural que tiveron as diferentes cidades galegas nesta etapa emerxente da cultura e da literatura que se coñece co nome de *Rexurdimento* (c. 1861-1906), pero avisando de que tamén outras cidades como Ourense, con varias cabeceiras de xornal moi activas e polemistas, sobre todo coa monolingüe en galego *O Tío Marcos da Portela*, e Lugo coa tamén monolingüe *A Monteiro* (Hermida Guliás-Santamarina, 1989) deberían ser motivo de atención nun estudo máis amplo. Por outra parte, Pontevedra, cidade na que a prensa proliferou de xeito sobranceiro, chegando a sumar até cento vinte e sete publicacións periódicas no século XIX (Cabano Vázquez, 2002), tivo o mérito de ver aparecer no seu ámbito o primeiro libro (malia plurilingüe castelán, latín, galego) onde o galego ocupa unha extensión considerabelmente maior cás outras dúas linguas. Refírome ao aparecido anonimamente (por máis que se sabe que foi o seu autor Xoan Manuel Pintos) co título *A gaita gallega*, saído en 1853 con pé de imprenta de “José y Primitivo Vilas”. Pola súa parte, Vigo, ocupado no fomento da industria e do tráfico marítimo con ultramar, apenas nos ofrece actividade cultural propiamente dita nesta etapa, á parte de que alí naceu en 1853 o que se considera diario “decano” da prensa en Galicia, *Faro de Vigo*.

A Época Nós

Cando en 1916 saíu a lume a publicación periódica que había servir de voceiro das Irmandades da Fala, facíao co título de *A Nosa Terra* e o subtítulo de *Idearium da Hirmandade da Fala en Galicia e nas colonias gallegas de Portugal e América*. A cabeceira databa de 1907, ano en que serviu de voceiro de *Solidaridad gallega*, organización política que reunía a republicanos, republicanos federalistas, rexionalistas e mesmo tradicionalistas, con fondo impulso anticaciquil e agrarista de intensa actividade naqueles anos. Daquela, *A Nosa Terra* estaba redactada maiormente en castelán por máis que acollese colaboracións literarias en galego. Pero pechou en 1908. A nova saída de 1916 fíxose totalmente en lingua galega e produciuse na cidade da Coruña, onde, efectivamente, o día 18 de maio de 1916 se fundou a primeira dunha longa lista de asociacións que se estenderon por toda Galicia baixo o nome xenérico de *Irmandades da Fala*. Como se pode apreciar polo citado subtítulo, estas asociacións eran conscientes de que unha boa parte da poboación galega estaba diseminada polo mundo e se necesitaba un órgano de conexión por medio do cal toda a xente que se viu impelida a emigrar atopase un fío de unión coa terra

nai. Esta é unha constante na historia contemporánea de Galicia, e cando se analicen as localizacións xeográficas da produción cultural galega, en xeral, e da súa literatura, en particular, non se pode obviar esta realidade que levou a denominar como “quinta provincia” de Galicia a cidade de Bos Aires, tal era o continxente de emigrantes que arribara alí dende mediados do século XIX até 1960, aproximadamente, momento este en que a emigración galega comezou a se dirixir cara aos grandes centros urbanos europeos, necesitados de man de obra para o seu desenvolvemento e para a súa reconstrución, despois dos estragos causados pola segunda gran guerra de 1939-1945.

Aínda que sempre teremos que facer alusión a esta realidade galega extra-territorial, neste pequeno traballo, non obstante, fixarémonos sobre todo, de aquí en adiante, no desenvolvemento cultural e, xa que logo, literario, tal e como se produciu en sete cidades da Galicia territorial (A Coruña, Ourense, Lugo, Ferrol, Pontevedra, Vigo e Santiago de Compostela) e nun período de tempo (1916-1936), que denominamos *Época Nós*, durante o cal Galicia experimentou avances significativos, aínda que moi insuficientes, na súa modernización, despois de moitos séculos de postración, atraso, resignación e falta de autoestima.

184

As dúas primeiras cidades citadas, A Coruña e Ourense, configuráronse claramente en centros de produción cultural a prol de posicionamentos de planificación cultural nacionalista, se non diverxentes, si enfrontados, optando pola intervención en política os axentes da Coruña (como xa querían, por certo, os rexional-federalistas lugueses do século XIX, cuxa figura máis atractiva, dinámica e intelixente até 1893 foi Aureliano J. Pereira (Pereira, 2006: 11-69), herdeiros do carimbo liberal da cidade e dos homes da Cova Céltica, liderados agora por Antón Villar Ponte (Viveiro, 1881-A Coruña, 1936) e por unha acción máis culturalista os de Ourense, aglutinados arredor da persoa de Vicente Risco, así mesmo na liña escéptica que os liberais ourensáns declararan xa no século anterior (Pereira, 2006: 25).

Axiña de se fundar a xa mencionada *Hirmandade de Amigos d'a Fala Gallega* (que tal é como se denominou orixinariamente) comezou a se rexistrar na cidade da Coruña unha intensa actividade política e cultural, en todos os ámbitos, pois o nome da asociación non debe ocultar que as preocupacións dos fundadores, entre os que cómpre citar os irmáns Antón e Ramón (Viveiro, 1890-A Coruña, 1953) Villar Ponte (Ínsua, 2003 e 2006), a familia Carré Alvarellos,

sobre todo Leandro (A Coruña, 1888-1976) (Maceira Fernández, 2005), Manuel Lugrís Freire (Campos Villar, 2006), Luís Porteiro Garea (Cores Trasmonte, 2005), etc., así até unha trintena de homes, non se limitaban a facer reivindicacións lingüísticas, senón que moi logo se decataron de que a acción debía estenderse ao campo da economía, da política, da pedagogía, da arte, da filosofía, etc., todas elas disciplinas, ciencias ou manifestacións creativas implicadas na elaboración dun discurso que debía cohesionar o país sobre a base dunha teoría nacionalista que transcendese o mero formalismo técnico e na que se recoñecese a sociedade galega no referente aos seus sinais de identidade racial (pretendidamente celta), territorial, lingüística, estética, cultural, etc., e mediante a explicitación das súas diferenzas respecto das demais nacións e rexións de España.

Para isto, os homes da Irmandade da Fala da Coruña comezaron a crear recursos e instrumentos con que implementar o seu ideario. Un ideario que supuña naquela altura toda unha planificación cultural tal e como entende esta expresión a teoría de polisistemas (Even-Zohar, 1995) se ben dende unha debilidade institucional tan só superada polo firme voluntarismo que os axentes culturais e políticos aplicaron con toda xenerosidade e entusiasmo. E así, xa en 1918 alentaron a aparición da editorial ¡Terra a Nosa!, monolingüe en galego, cousa que nunca se producira na historia contemporánea de Galicia. Unha editorial que, malia ter pouca vida, é indicio da orientación que os irmandados querían darlle ao seu labor, neste eido, pois, efectivamente, en canto tiveron ocasión comezaron a levar a cabo novas iniciativas que habían dar froitos ben orixinais e produtivos, sempre tendo en conta que nos move-mos no terreo das relatividades, sendo conscientes das limitacións dunha cultura emerxente, sen máis apoios que o entusiasmo dunhas poucas persoas empeñadas en sacar Galicia para adiante.

185

A Coruña, cidade caracterizada, como xa dixemos antes, por unha gran tradición liberal, converteuse por estas datas, e até a sublevación fascista de 1936 contra a República, nun centro xerador de cultura, no senso máis amplo da palabra, e tamén no centro máis importante de produción editorial durante a década e media que vai de 1920 a 1936, pois dun cómputo aproximado de catrocentos libros (en galego ou en galego e castelán) que se publicaron na Galicia interior dende 1900 até 1936 (pero cunha maior acumulación no período 1920-1936) o 40% foi editado naquela cidade, seguida por Santiago de Compostela, cun 28%, Ourense, cun 6%, Ferrol, cun 5'5%, Pontevedra,

cun 4'5%, Lugo, cun 4%, até chegar ao cativo 2% de Vigo (Cabano Vázquez, 2002).

Na Coruña fundouse en 1919 o Conservatorio Nazonal de Arte Galego, que, a raíz dunha pequena crise, pasaría a se denominar en 1922 Escola Dramática Galega, única experiencia destas características, se obviamos, como xa vimos, un pequeno intento (de resultados moi efémeros) de formar unha Escola Rexional de Decramación (sic) en 1903, tamén na mesma cidade. A devandita crise iniciárase cando se rexeitou, por parte da sección máis conservadora dos socios do Conservatorio, unha obra de Xaime Quintanilla (A Coruña, 1898-Ferrol, 1936) titulada *Donosiña*, que serviu de escusa a aqueles que, por tratarse dunha obra un pouco avanzada en aspectos como o adultério, non estaban conformes coa tendencia universalista e modernizante que estaba a propiciar a dirección do Conservatorio (Abuín e Ruibal, 2000: 278-353).

186

A experiencia do Conservatorio, aínda que curta no tempo, foi moi positiva, en tanto en canto os responsábeis da dirección procuraban unha modernización da escena galega, facendo fíncapé en aspectos de *aggiornamento* formal e incorporando aos seus programas traducións dos autores que naquela altura gozaban de mellor consideración no ámbito europeo e internacional, como Ibsen, Maeterlinck, Yeats, Strindberg, así como adaptacións de Shakespeare, etc.

En 1922 a Irmandade da Coruña propiciou, así mesmo, a posta en marcha dunha experiencia editorial encamiñada a atraer lectores urbanos e que no ámbito do sistema literario español xa viña funcionando con grande éxito dende que en 1907 Eduardo Zamacois (Granjel, 1980) inaugurara coa colección *El Cuento semanal* unha serie de iniciativas semellantes que, con diversos títulos, invadiron o mercado literario cunhas noveliñas curtas, impresas en formato de oitavo, de poucas páxinas e prezo moi asequíbel para vender nos quioscos. Estamos a falar da colección "Céltiga", aparecida en Ferrol, que con características semellantes á de Zamacois, pero en lingua galega, chegou a tirar trece números e foi continuada entre 1924 e 1927, na Coruña, pola editorial Lar (Roig Rechou, 1982: 16-23), que alentaban Leandro Carré Alvarellos e Ánxel Casal Gosenge (A Coruña, 1895-Cacheiras, Santiago de Compostela, 1936) (Vázquez Souza, 2003), meritorios axentes culturais que alcanzaron a cifra de corenta e un números, entre os que se contan algúns títulos de indu-

bidábel valía para a renovación da narrativa galega. A mesma editorial, fóra desta colección, publicou ademais outros títulos de variados xéneros e de máximo interese para o patrimonio da literatura galega.

O propio Ánxel Casal, unha vez rota a sociedade con Carré, continuou en solitario con outra editorial, tamén practicamente monolingüe, que é a máis emblemática de todas as que xurdiron neste período de 1916-1936. Estou a me referir á editorial Nós, que, primeiro na Coruña e a partir de 1931 en Santiago de Compostela, publicou títulos centrais e xa canónicos da literatura galega de todos os tempos: *Cousas*, de Castelao, *O porco de pé*, de Vicente Risco, *Os camiños da vida*, *Arredor de si*, *A romaría de Xelmírez*, *Fra Vèrnero*, *O mesón dos ermos*, de Ramón Otero Pedrayo, *Seis poemas galegos*, de Federico García Lorca, etc.

Quedaría incompleta esta relación de iniciativas se non fixésemos alusión á revista *Alfar. Revista Casa América-Galicia*, unha publicación vangardista nacida en 1920 que, aínda que escrita predominantemente en castelán, acolleu firmas dos líderes do nacionalismo e algúns textos en lingua galega. O seu carácter cosmopolita atraeu artistas e escritores das máis variadas latitudes, como Dalí, Picasso, Barradas, Vicente Huidobro, Guillermo de Torre, etc. En palabras de César Antonio Molina, responsábel da edición facsimilar e autor dunha monografía sobre esta revista, “De *Alfar* se podría hablar como de una revista de literatura y arte de vanguardia, entendiendo este término en un sentido muy amplio” (Molina, 1984: 15).

187

Proclamada a II República Española en 1931, A Coruña seguiu a ser un centro de produción cultural e político de primeira orde. Alí tiveron sede os principais partidos políticos intervinientes nas Cortes republicanas constituíntes, malia que o Partido Galeguista, única formación nacionalista e de ámbito exclusivamente galego, nacido en Pontevedra en 1931, levou para esta última cidade a redacción do xornal *A Nosa Terra*, voceiro agora dese partido e que con anterioridade, dende 1916, estivera situado na Coruña (Castro, 1985). A partir de 1933 pasaría aos prelos da Editorial Nós en Santiago de Compostela.

De modo que, en moitos aspectos, A Coruña converteuse durante a Época Nós (1916-1936) nunha cidade de referencia obrigada e de inescusábel visita para todo aquel que desexase estar ao día nos asuntos do nacionalismo galego, por máis que, como cidade, nunca chegou a constituírse nunha gran metró-

pole nin como centro simbólico da cultura galega, pois, doutra banda, a súa conexión co estado liberal decimonónico induciu a un forte “castelanismo” das súas elites pequenoburguesas que contrasta co entusiasmo dos axentes políticos e culturais que exercían alí o seu intenso e entusiasmado labor a prol do soerguemento de Galicia, que para eles pasaba, como xa vimos máis arriba, polo intervencionismo político fronte aos que actuaban dende a cidade de Ourense capitaneados por Vicente Risco, máis proclives a intervir tan só nos aspectos culturais, por considerar que a política podería contaminar a pureza do ideario nacionalista.

188

E xa temos aquí outra cidade de grande interese, precisamente porque nela se formou un grupo de persoas de moi alta capacidade intelectual e de formación modernista que até 1916 estivera alleo a calquera preocupación galeguista, cegados como estaban os seus membros por culturas exóticas e polas prácticas oculistas e neosóficas tan propias do citado movemento estético. De alí xurdiron, a partir de 1917, algunhas das figuras máis determinantes das letras e do pensamento nacionalista de entreguerras. Son as que conforman o grupo coñecido como o *Cenáculo ourensán* e na tradición historiográfica galega por *Xeración Nós*: Vicente Risco (Casares, 1981; Beramendi, 1981), Ramón Otero Pedrayo, Florentino López Cuevillas (Ourense, 1886-1958), Antón Losada Diéguez (O Carballiño, Ourense, 1884-Pontevedra, 1929) (Beramendi, 1985), Arturo Noguerol (Ourense, ¿1880?- A Coruña, 1936) aos que se lles uniu un dos homes máis emblemáticos do galeguismo de todos os tempos, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, e algúns outros máis. Con Vicente Risco como principal animador do grupo, fundaron unha revista, absolutamente imprescindible para a análise do período que estamos a observar, titulada *Nós. Boletín mensual da cultura galega*, que foi paradigma de bo facer, de rigor e seriedade durante o tempo en que saíu a lume, entre 1920 e 1936, cunha pequena lagoa de dous anos (1923-1925) cando se instaurou a ditadura de Primo de Rivera (1923-1931). Esta revista, monolingüe en galego, acollía traballos de literatura, historia, arqueoloxía, arte, etnografía, etc., todo referido exclusivamente a Galicia, pero con seccións onde se daba noticia de libros e revistas aparecidos en Europa e noutras latitudes. A súa dirección e redacción estivo sempre localizada na propia casa de Vicente Risco, na Rúa de Santo Domingo, nº 47 de Ourense, aínda que a administración pasou por varios lugares: no propio Ourense, na Coruña (onde se imprimiu a partir do nº 19, correspondente ao 25 de xullo de 1923) e en Santiago de Compostela, onde así mesmo pasou a se imprimir dende o número 88, correspondente ao 15 de abril de 1931.

Hai que ter en conta a importancia desta revista como referencia inescusábel para comprender o período que estamos a observar porque, ademais, o seu director literario, Vicente Risco (como director artístico figuraba Castela), foi mentor, non indiscutido pero si principalísimo, do discurso galeguista que se elaborou a partir do ano 1918 en que publicou un adianto da súa *Teoría do Nacionalismo Galego*, sacada a lume co mesmo título en libro, na cidade de Ourense, en 1920. Unha publicación que foi guía estratéxica básica durante case todo o período como texto doutrinario no que asentar o discurso nacionalista.

Por outra parte, o elenco do Cenáculo Ourensán contaba entre os seus membros coa figura polígrafa e sempre respectadísima en todos os foros de Ramón Otero Pedrayo, xeógrafo e historiador de vastísima cultura e un dos máximos expoñentes da prosa de ficción e ensaística durante moitos anos, propiamente até a súa morte, ocorrida en 1976 baixo a aura de todo un “Patriarca das Letras Galegas”.

Un grupo abondo interesante e activo atopámolo en Lugo, que xa no século XIX acollera as posicións máis progresistas do rexionalismo galego, cunha fronte federalista e republicana que tivo en Aureliano Pereira o seu mellor expoñente, como xa vimos máis arriba. Agora, durante o período que vai de 1924 a 1936, tamén se perfilaron algúns nomes de forte personalidade e de vocación vangardista que levaron a cabo algunhas experiencias publicistas de non pouco interese. Foron eles mozos inquedados que pugnaban por levar á cidade os aires vangardistas europeos. Destacan o poeta Luís Pimentel (Lugo, 1885-1958), o músico Xesús Bay y Gal (Lugo, 1905-Madrid, 1993), o polígrafo Evaristo Correa Calderón (Neira de Xusá, Lugo, 1899-Pobra de Trives, Ourense, 1986), Álvaro Gil Varela, futuro gran mecenas da cultura galega (Lugo, 1905-Madrid, 1980), o artista plástico Álvaro Cebreiro (A Coruña, 1903-1956), Ánxel Fole (Lugo, 1903-1986) e algúns máis do mesmo xorne e entusiasmo. Eles deseñaron e lograron sacar á luz a revista *Ronsel*, de escasa vida pero de indubidábel vocación vangardista, pois encontramos nas súas páxinas as sinaturas de Guillermo de Torre, Cansinos Assens, Gómez de la Serna, Benjamín Jarnés, Teixeira de Pascoaes, Julio J. Casal e un non pequeno etcétera. Andados os anos, xa en plena II República, algúns deles, aos que se lles sumou o gran poeta Álvaro Cunqueiro, aínda emprenderon outras iniciativas, como as revistas *Resol*, *Papel de color*, *Galiza*, *¡Ahora!* e *Guión*, antecedentes, estes dous últimos, de *Yunque. Periódico de vanguardia política* (Yunque, 2006), etc., coas que se demostra que tamén Lugo, a pesar da súa condición de cidade

fortemente conservadora e da súa cativa poboación naqueles intres, foi un centro de produción cultural interesante e cunha xuventude vangardista no plano estético e radical no esquerdismo político republicano.

Polo que respecta a Vigo, esta cidade perfilouse durante o período de 1916-1936 como a máis activa dende o punto de vista mediático, cun xornalismo moi dinámico e progresista, portavoz da punxente actividade económica proveniente da industria conserveira e do tráfico marítimo, pero tamén eco dos debates de todo tipo que se produciron todo ao longo da década en España e en Galicia, sobre todo dende os xornais *Faro de Vigo* (1853-actualidade), *Galicia* (1922-1926) e *El Pueblo gallego* (1924-1979). Os parladoiros ou tertulias nos locais deste último xornal aglutinaban, por outra parte, unha interesante serie de escritores, como Manuel Antonio ou Rafael Dieste e artistas, como Carlos Maside, que proxeccionaron exposicións de pintura e activaron algo a vida cultural dunha cidade que editorialmente non tivo maior relevo durante a Época Nós, aínda que algúns talleres de xornais como *El Pueblo gallego* e *Faro de Vigo* se prestaron para imprimir uns poucos títulos. Así, o primeiro dos nomeados deu a lume en 1926 un importante libro de relatos titulado *Dos arquivos do trasno (contos do monte e do mar)*, de Rafael Dieste, un dos colaboradores do xornal máis recoñecido. E o segundo imprimiu *Obras teatrales galegas* (1930), de Avelino Rodríguez Elías, e *Pombas e gaviáns* (1934), de Johan Vilanova. Como se pode apreciar, pouca cousa.

190

Esa escasa actividade editorial da cidade de Vigo, que xa apuntabamos máis arriba, referida ao Rexurdimento (e que tamén detectou Arturo Casas ao analizar a poesía da Época Nós, poñendo de manifesto os vinte e catro poemarios editados en Santiago de Compostela nese período, fronte aos unicamente dous saídos en Vigo [Casas, 2000: 95]), contrasta coa activa e progresista vida xornalística que coñeceu esta cidade sobre todo a partir de 1922. E quizais isto se debese ao impulso industrial e urbanístico que ocupaba máis as preocupacións das forzas vivas da cidade até aquel momento. O activo xornalista Roberto Blanco Torres, nun artigo de 1921 titulado “Vigo: a cidade” (revista *Nós*, ano II, nº 5) queixábase do desleixo pola “vida espiritual” que amosaba o burgo, tan necesaria, segundo o articulista, para formar unha verdadeira “civitas”, e nota en Vigo un cosmopolitismo estranxeirizante e excesivamente anglófilo.

En canto a Pontevedra, capital da provincia á que pertence Vigo, tamén se sumou con algunhas iniciativas culturais na liña das Irmandades da Fala e pri-

vilexiouse de contar entre os seus veciños, porque alí se trasladara dende o seu Rianxo natal, a Castelao, home polifacético que durante a Época Nós alcanzou moita popularidade polo seu labor gráfico na prensa galega e madrileña e se converteu nun referente indiscutíbel da galeguidade máis honesta, sincera e seria. Un sentimento que o levaría á acción política durante a II República e ao exilio, de onde non había volver, pois morreu en Bos Aires en 1950, despois de declarar por enésima vez o grande amor que sempre tivo por Pontevedra. E foi en Pontevedra onde, xunto con outra figura imprescindíbel do panorama político e cultural da Época Nós, que tal foi o profesor de Filosofía Antón Losada Diéguez, fundou Castelao a Coral Polifónica de Pontevedra, á que se había incorporar en 1927 Alexandre Bóveda, outro home fundamental na historia da II República en Galicia e na redacción do Estatuto de Autonomía, tamén asinado polos fascistas en 1936. Con tan só estes tres nomes, Castelao, Losada Diéguez e Bóveda, a quen cómpre imaxinar xuntos en moitas actividades e, dende logo, na importante tertulia cotiá do café Méndez Núñez ou na da casa de Losada, xa Pontevedra tería que pasar á Historia da cultura galega. Pero ademais nesa cidade naceron os proxectos do Museo de Pontevedra, da Sociedade Coral e Polifónica de Pontevedra, das bolsas da Deputación Provincial para Ampliación de Estudos, do Seminario de Estudos Galegos (que se instalaría en Santiago en 1923), etc., e imprimíronse dúas interesantísimas revistas. Unha delas aínda que de vida efémera foi *Alborada*, fundada en 1922 por Luís Amado Carballo (Pena, 1982; Alonso Girgado, 1994) e Xoán Vidal Martínez. De ampla difusión naquel entón, contou coa colaboración dalgunhas das plumas máis sobranceiras de Galicia, como o propio Amado Carballo, Ramón Cabanillas (Cambados, Pontevedra, 1876-1959) (Cabanillas, 1959; Alonso Montero, 1979-1981) Castelao, Losada Diéguez, Vicente Risco ou Manuel Antonio. A outra, de máis longo alento, foi *Logos. Boletín Católico Mensual* (1931-1936), inspirada por Antón Losada Diéguez, que non chegou a vela en vida, e por Ángel Amor Ruibal, que morreu antes de saír o primeiro número. Levárona a cabo unha serie de mozos entusiastas da cultura, entre os que cómpre destacar a Xosé Fernando Filgueira Valverde (Pontevedra, 1906-1996), máximo responsábel da publicación, moi axudado por Antonio Iglesias Vilarelle (Santiago de Compostela, 1889-Pontevedra, 1971), cofundador da revista, e polas colaboracións dos escritores católicos máis importantes do momento, como Vicente Risco ou Ramón Otero Pedrayo.

191

Pola súa parte, Santiago de Compostela, durante o período que estamos a observar, en boa parte debido á súa relativa equidistancia xeográfica coas

outras cidades galegas, serviu de centro simbólico da galeguidade nacionalista do que poderíamos chamar a promoción do xacobeísmo e da súa figura epónima, o Apóstolo Santiago, cuxa festividade, o día 25 de xullo, pasou a se denominar Día de Galicia. Efectivamente, en 1919, reuniuse en Santiago de Compostela a “Asamblea” das *Irmandades da Fala* e alí, os irmáns Antón e Ramón Villar Ponte, Antón Losada Diéguez, Vicente Risco e Ramón Cabanillas, entre outros, acordaron converter o día do Apóstolo Santiago do ano seguinte en Día de Galicia. *A Nosa Terra* celebrou dende as súas páxinas o 25 de xullo de 1920, o primeiro Día de Galicia, ao que se refire como unha data “de lembranza da Patria natural que dende antigo, como agora e sempre, ha ser a única patria verdadeira do home”.

192

Nos primeiros anos tiveron lugar celebracións en toda Galicia e mesmo fóra, con música e panfletos que difundían a ideoloxía nacionalista. *A Nosa Terra* alentaba dende as súas páxinas á celebración do 25 de xullo e á utilización da lingua galega. O significado que nese momento se lle deu ao Día de Galicia era o dun día de recollemento, comunión, alegría... para todos os galegos, “un acto externo para que moitos dos nosos compatriotas se dean conta do que son, da terra nai, á que teñen que volver si queren ser algo. Desta maneira despertarán do seu sono e traballarán n-un futuro glorioso”. Era tamén un día de fe no porvir, na fortaleza da “raza” e en todos os galegos.

Naturalmente, ao nos referir a Santiago de Compostela non podemos esquecer que era daquela a única cidade de Galicia que posuía Universidade, cousa que lle deu, dende a súa fundación en 1495, unha impronta especial á que hai que engadir o ser sé metropolitana, con todo o que iso supón de actividade cultural e relixiosa. E foron precisamente nove mozos estudantes universitarios quen o 12 de outubro de 1923, despois dunha excursión a pé aos lugares onde pasara Rosalía de Castro a súa infancia, preto de Santiago, en Castro de Ortoño, fundaron o Seminario de Estudos Galegos, unha institución ligada á Universidade compostelá na que confluíron profesores e alumnos universitarios, os homes máis sobranceiros do movemento galeguista e gran parte dos membros dos cenáculos eruditos de Galicia. Nos seus doce anos de vida activa (1923-1936), o Seminario, estruturado en doce seccións, abordará case todas as manifestacións da cultura galega, atenderá á formación de investigadores e á divulgación científica, e introducirá un novo método de traballo, en equipos interdisciplinares, moi en voga nas Universidades europeas e nas mellores e máis avanzadas institucións educativas e culturais espa-

ñolas da época. O Seminario de Estudos Galegos constituíu, sen dúbida, unha das empresas científicas máis sobranceiras da Galicia do século XX” (Novo Seminario de Estudos Galegos, texto on line, última consulta 5-marzo-2007).

Á fronte das distintas seccións puxeron os máis prestixiosos intelectuais e científicos daquel momento. Así en Filoloxía Armando Cotarelo Valledor (Veigadeo, 1879-Madrid, 1950), presidente entre 1923-1925; en Arte e Letras Alfonso Daniel Rodríguez Castelao; en Etnografía Vicente Risco; en Historia, Salvador Cabeza de León (Betanzos, 1964-Santiago de Compostela, 1934), presidente entre 1925 e 1934; en Prehistoria, Florentino López Cuevillas; en Xeografía, Ramón Otero Pedrayo; en Historia da Arte, Xesús Carro (Santiago de Compostela, 1884-1973); en Historia da Literatura, Xosé Filgueira Valverde; en Pedagogía, Manuel Díaz Rozas (A Coruña, 1894-?); en Ciencias aplicadas Manuel Gómez Román (Vigo, 1875-1964); en Ciencias Naturais Luis Iglesias Iglesias (Teis, Vigo, 1895-Santiago de Compostela, 1977); en Ciencias Sociais, Xurídicas e Económicas Lois Tobío Fernández (Viveiro, 1906-2003) (Tobío, 1994). Cómpre apreciar a orixe non compostelá dos máis dos compoñentes do Seminario, que se asentaron ou tiveron que se desprazar frecuentemente á cidade para reunións científicas, indicio da importancia crecente que Compostela alcanzou neste período no ámbito da cultura, nun senso amplo.

193

O labor do Seminario, que despois de moitos avatares conseguiu en 1930 local propio no Pazo de Fonseca, pertencente á Universidade (Fernández Cerviño, 2006), foi transcendental para a modernización da Universidade compostelá e levou a cabo moitas publicacións sobre as máis diversas parcelas da cultura galega, froito de traballos de campo inspirados en correntes científicas europeas, alemás e francesas, sobre todo, de última hora, pois a medida que foron pasando os anos foron ingresando nel as mentes máis selectas de Galicia, cuxo ingreso na institución se convertía nun acto cerimonial de grande efecto simbólico.

Chegada a segunda República, a Universidade foi pioneira en moitas fronteas, contrastando así coa vida lánguida que arrastraba dende séculos, malia momentos de brillantez nalgún intre do século XIX.

Por último, cómpre recordar dous datos moi significativos que nos falan da importancia que estaba adquirindo Santiago de Compostela no ámbito do

galeguismo: a esta cidade trasladaríase dende A Coruña, a partir de 1931 a prestixiosa e emblemática Editorial Nós, a máis importante de Galicia en cuestión do libro galego, rexentada por Ánxel Casal, que cando se viu obrigado a pechar, no ano 1936, contaba no seu fondo editorial setenta e tres libros publicados, o último de Federico García Lorca (Fuente Vaqueros, Granada, 1898-Viznar, Granada, 1936), *Seis poemas galegos*, saído dos prelos en decembro de 1935. Casal había ser asasinado polos fascistas nunha gabiá preto de Santiago de Compostela, cidade da que nese momento era alcalde, o mesmo día en que mataron a García Lorca, o 18 de agosto de 1936. Tamén, a partir de 1933 pasou para Santiago a impresión do xornal *A Nosa Terra*, órgano de difusión do ideario do Partido Galeguista, que reunía no seu seo a máxima expresión da vontade dos axentes culturais e políticos no que concerne á intervención activa na política do Estado español, plural, republicano, laico e con quenenza federalista por parte dos nacionalistas galegos, vascos e cataláns, cando menos, que se había derrubar baixo a ditadura do Xeneral Franco a partir de 1939.

Anxo Tarrío Varela

Universidade de Santiago de Compostela

194

Bibliografía

- Abuín, Anxo e Euloxio R. Ruibal. 2000. “O teatro galego entre 1900 e 1936”, en *Proxecto Galicia. Literatura* (coord. Anxo Tarrío Varela), t. XXXII. A Coruña: Hércules de Ediciones.
- Abuín de Tembra, Avelino. 2008. “A Academia de Rianxo”, en *Galicia Hoxe*, Santiago de Compostela, 7-01-2008, p. 3.
- Alonso Girgado, Luís (ed.). 1994. *Luís Amado Carballo. Poesía completa*. Barcelona: Sotelo Blanco Edicións.
- Beramendi, Xusto G. 1981. *Vicente Risco no nacionalismo galego*. Santiago de Compostela: Edicións do Cerne.
- (ed.). 1985. *Losada Diéguez. Obra completa*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Xerais Universitaria.
- Beramendi, Xusto G. e Ramón Villares (eds.). 1986. *Congreso Castelao*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

- Blanco Torres, Roberto. 1921. "Vigo: a cidade", en *Nós*, ano II, nº 5.
- Brea, Mercedes. 1998. *Martín Codax, Mendiño e Xobán de Cangas*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Cabanillas, Ramón. 1959. *Obra Completa*. Bos Aires: Centro Gallego de Buenos Aires.
- 1979-1981. *Obra Completa* (ed. e notas Xesús Alonso Montero), 3 vols. Madrid: Akal Editor.
- Cabano Vázquez, José Ignacio (dir. e ed.). 2002. *Catálogo colectivo do patrimonio bibliográfico de Galicia. A imprenta en Galicia. Século XIX*. 2 vols. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Cabo, Fernando. 2003. "Geography and Literature: on a Comparative History of the Literature in the Iberian Peninsula", en *Neohelicon*, nº 30, I, pp. 117-125.
- Campos Villar, Xabier. 2006. *Lugrís Freire. Unha biografía*. Vigo: Galaxia.
- Caño, Xosé M. del. 1990. *Conversas con Manuel María*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Casares, Carlos. 1981. *Vicente Risco*. Vigo: Galaxia.
- 1981b. *Otero Pedrayo*. Vigo: Galaxia.
- Casas, Arturo. 1994. *Rafael Dieste e a súa obra literaria*. Vigo: Galaxia.
- 1997. *La teoría estética, teatral y literaria de Rafael Dieste*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Castro, Rosalía de. 1863. *Cantares gallegos*. Vigo: J. Compañel Editor.
- Castro, Xavier. 1985. *O galeguismo na encrucillada republicana*, vol. II. Ourense: Deputación Provincial de Ourense.
- Cores Trasmonte, Baldomero. 2005. *Luís Porteiro Garea*. Santa Comba: tresCtres.
- Crecente Vega, Xosé. 2002. *Folla Bricia. Poesía galega completa* (ed. crítica e estudo Ricardo Polín). Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- Cunqueiro, Álvaro. 1951. "El mapa de Fontán", en *Faro de Vigo*, 29 de decembro.
- 1957. "Un mapa de Galicia", en *El Progreso*, 2 de xuño de 1957 (este recompilado en Mato, 1999).

- Curros Enríquez, Manuel. 1979. *Obras completas* (recompilación, introducción e notas Carlos Casares). Madrid: Aguilar.
- Eiras Roel, Antonio. 1996. *La población de Galicia: 1700-1860*. A Coruña: Fundación Caixa Galicia.
- Equipo Glifo. 1998-2003. *Diccionario de termos literarios*, 2 vols. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Base de datos en liña: <http://www.cirp.es/pls/bdo2/f?p=DITERLI>.
- Even-Zohar, Itamar. 1995. "Planificación da cultura e mercado", en *Grial*, nº 126.
- Ferreiro, Celso Emilio. 1973. *Curros Enríquez*. Madrid: Júcar.
- Ferreiro, Manuel. 1991. *Pondal: do dandysmo á loucura*. Santiago de Compostela: Edicións Laiovento.
- Forcadela, Manuel. 1988. *A arpa e a terra. Unha visión da poesía lírica de Eduardo Pondal*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón. 1994. *Antonio Noriega Varela. Estudio e Edición da Obra Completa*. Lugo: Servizo de Publicacións da Deputación de Lugo.
- 196 Granjel, Luis S. 1980. *Eduardo Zamacois y la novela corta*. Salamanca: Universidad de Salamanca.
- Hermida Guliás, Carme e Antón Santamarina. 1998. "A *Monteira* e a recuperación idiomática de Galicia", en *A Monteira*, ed. facsimilar, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Ínsua, Emilio Xosé e Carlos Nuevo Cal. 2003. *O primeiro Antón Villar Ponte*. A Coruña: Fundación Caixa Galicia.
- Ínsua, Emilio Xosé. 2006. *Antón Villar Ponte e a Academia Galega*. Vilaboa-Pontevedra: Edicións do Cumio.
- Kiberd, Declan. 1995. *Inventig Ireland*. London: Jonathan Cape.
- Leiras Pulpeiro, Manuel. 1983. *Obras completas* (estudo, ed. e notas Xesús Alonso Montero). Santiago de Compostela: Edicións Sálvora.
- Litvak, Lily. 1993. *Antología de la novela corta erótica española de entreguerras (1918-1936)*. Madrid: Taurus.
- López, Aurora e Andrés Pociña. 1991-1993. *Rosalía de Castro. Documentación biográfica y bibliografía crítica (1837-1990)*, 3 vols. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.

- Maceira Fernández, Xosé Manuel. 2005. *Leandro Carré Alvarellos na literatura galega*, Tese de doutoramento inédita. Santiago de Compostela: Facultade de Filoloxía.
- Manuel Antonio. 1992. *Poesía completa* (ed. Xosé Luís Axeitos). Barcelona: Sotelo Blanco.
- Mato, Mabel (recomp.). 1999. *Álvaro Cunqueiro. O reino da chuvia. Artigos eskuencidos*, Lugo: Deputación Provincial de Lugo, pp. 59-60.
- Molina, César Antonio. 1984. *La revista Alfar y la prensa literaria de su época (1920-1930)*. A Coruña: Ediciones Nós.
- Novo Seminario de Estudos Galegos. <http://www.nseg.org> (Última consulta, 7-III-2007)
- Otero Pedrayo, Ramón. 1930. *Arredor de si*. Santiago de Compostela: Nós. 3ª edición, Galaxia, 1980, pp. 110-112.
- Pardo de Neyra, Xulio. 2001. *Lugo: Cultura e República. As manifestacións intelectuais dunha cidade galega entre 1931-1936*. Sada-A Coruña: Edicións do Castro.
- Paz Andrade, Valentín. 1982. *Castelao na luz e na sombra*. Sada-A Coruña: Edicións do Castro.
- Pena, X. Ramón. 1982. *Luis Amado Carballo*. A Coruña: Ediciones Nós.
- Fernández Cerviño, Mª Xosé. 2006. "Seminario de Estudos Galegos", en *Gran Enciclopedia Galega*, t. 40. Lugo: El Progreso/Diario de Pontevedra, Silverio Cañada.
- Pereira, Aureliano. 2006. *Escritos sobre Federalismo e Galeguismo* (escolma e limiar Ramón Máiz). Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Concello de Lugo.
- Platas Tasende, Ana María. 2004. *Camilo José Cela*. Madrid: Editorial Síntesis.
- Pondal, Eduardo. 1995-2002. *Poesía galega completa* (ed. Manuel Ferreiro), 3 vols. Barcelona: Sotelo Blanco .
- Prada Allo, Alfonso. 1992. "As imprentas de Monterrei", en *I Xornadas culturais do Val de Monterrei: comunicacións e ponencias*. Verín: Asociación Cultura Monterrei. V. tamén <http://www.arrakis.es/~alfius/monterey.htm> (Última consulta 7-III-2007).
- Real Academia Galega. <http://www.realacademiagalega.org> (Última consulta, 7-III-2007).
- Requeixo, Armando. 1996. *Ánxel Fole. Aproximación temática á súa obra narrativa en galego*. Vigo: Edicións do Cumio.

- Rodríguez, Luciano. s.d. [1994]. *A poesía de Aquilino Iglesia Alvariño*. Lugo: Deputación Provincial de Lugo.
- Rodríguez Fer, Claudio. 1981. *A Galicia misteriosa de Ánxel Fole*. Sada-A Coruña: Edicións do Castro.
- (coord.). 1997. *Ánxel Fole. Unha fotobiografía (1903-1986)*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Rodríguez Sánchez, Francisco. 1973. *A evolución ideolóxica de Curros Enríquez*. Vigo: Galaxia.
- Roig Rechou, Blanca-Ana. 1982. “As noveliñas Lar, unha lección para o kiosko galego”, en *Dorna*, nº 7. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Seixas Seoane, Miguel Anxo (coord.). 1989. *Celso Emilio Ferreiro (1912-1979). Unha fotobiografía*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Soto Freire, Manuel. 1868-1998. *La imprenta en Galicia: Ensayo bibliográfico (mss 1868)* (introd., revisión do texto e notas Xosé Ramón Barreiro Fernández). Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Promoción Cultural.
- 198 Tobío, Lois. 1994. *As décadas de T.L.* Sada-A Coruña: Edicións do Castro.
- Tarrío Varela, Anxo (coord.). 1990. *Actas do Simposio Internacional Otero Pedrayo no panorama literario do século XX*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Vázquez Souza, Ernesto. 2003. *A fouce, o bórreo e o prelo: Ánxel Casal ou o libro galego moderno*. Sada-A Coruña: Edicións do Castro.
- Vilariño Pintos, Daría e María Virtudes Pardo Gómez, 1979. *O libro galego onte e hoxe*. Catálogo da Exposición Bibliográfica. Santiago, maio-xuño 1979.
- XAP (coord.). 2004. *Santiago de Compostela*. Santiago de Compostela: Concello de Santiago de Compostela.
- Yunque. Periódico de vanguardia política*. 2006. Edición facsimilar. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.